

The page features a decorative background with three large, overlapping blue circles of varying shades (dark blue, medium blue, and light blue) arranged in a diagonal line from the top right to the bottom right. Thin blue lines intersect these circles and extend across the page. The main title is centered in a bold, blue, sans-serif font with a red and white outline.

# **PROGRAMACIÓN 1º EDUCACIÓN PRIMARIA**

CENTRO EDUCATIVO: *CPI CABO DA AREA*

TITOR: XAN XESÚS RODRÍGUEZ SANTOS

CURSO: 2021/2022

## ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	3
2.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS .....	6
3.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	8
4.- ÁREAS DE COÑECEMENTO DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA .....	9
4.1.- ÁREA DE MATEMÁTICAS .....	9
4.2.- ÁREAS DE LINGUA GALEGA E CASTELÁ E AS SÚAS LITERATURAS.....	26
4.3.- ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA.....	72
4.4.- ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS .....	86
4.5.- ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS .....	98
5.- ACTIVIDADES.....	111
6.- CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN .....	112
7.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS .....	119
8.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO.....	126
9.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	127
10.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	130
11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	131
12.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS .....	132
13.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR.....	133
14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC .....	134
15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA .....	134
16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO .....	135
17.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	135
18.- ANÁLISE E VALORACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL .....	137

## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo Zabalza (1997), “a programación é un proceso educativo-didáctico específico desenvolvido polos mestres para un grupo de alumnos/as concretos, nunha situación concreta e para unha ou varias disciplinas”.

Por outra banda, o artigo 91 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), especifica como unha das funcións do profesorado “a programación e o ensino das áreas que teña encomendado”.

Polo tanto, a Programación Didáctica é unha guía de actuación durante o curso escolar; é dicir, permite organiza-los ensinamentos de cada área ó longo do nivel correspondente. Así, ca programación preténdese:

- Planificar e estrutura-lo proceso de ensino-aprendizaxe.
- Atender á diversidade (características do alumnado, experiencias previas, nivel cognitivo-motriz, motivacións, necesidades, ...).
- Permitir realiza-las modificacións necesarias durante o proceso para unha aprendizaxe significativa, a través da avaliación.
- Mellora-la práctica docente evitando a improvisación.

### CENTRO

O CPI Cabo da Area atópase en Laxe, capital do municipio de Laxe que engloba un total de 6 parroquias: Laxe, Nande, Sarces, Serantes, Soesto e Traba. É unha localidade costeira pertencente á comarca de Bergantiños. As principais fontes de riqueza da zona son a agricultura e a pesca, e nos últimos anos o turismo. Existen no municipio Colexios Rurais Agrupados que se incorporan progresivamente ó CPI Cabo da Area ó longo da etapa de primaria. O centro imparte ensinanzas das etapas de educación infantil, primaria e secundaria.

### ALUMNADO

Este documento recolle a programación didáctica anual para o curso 2021/2022 dun grupo de 18 alumnas e alumnos, 10 nenas e 8 nenos, do 1º nivel de Educación Primaria, onde quedan patentes algunhas dificultades de aprendizaxe que presenta o grupo-clase, ademais da atención á diversidade, e que se mencionará ó longo do documento. A lingua predominante no grupo é o galego.

O alumnado procede maioritariamente de 6º de Educación Infantil deste mesmo centro, pero tamén de 6º de Educación Infantil do CRA de Traba.

Os desenvolvementos que se van a producir neste alumnado e que van a condicionar a intervención docente na aula son, entre outras, as seguintes:

No desenvolvemento afectivo e social:

- a) Melloran o control emocional (incentivo-emotivo) e incrementan o seu coñecemento sobre sentimentos e emocións
- b) Dependén aínda dos referentes máis significativos (familia, docentes, etc.) o que favorece o traballo sobre contidos sociais e culturais.
- c) Toman conciencia das normas comúns e do seu cumprimento, establécese a convivencia.

No desenvolvemento psicomotor:

- a) Están no proceso de consolidación do esquema corporal, toman conciencia do seu propio corpo, distinguen as súas partes e as súas funcións e seguen mellorando o seu control.
- b) Seguen co perfeccionamento da psicomotricidade grosa e fina.
- c) Controlan e consolidan a lateralidade, así como o dominio do espazo e do tempo.

No desenvolvemento cognitivo:

- a) Encóntranse nunha fase de transición. A aproximación ó concreto é unha necesidade á que darán resposta mediante a busca e a indagación.
- b) Desenvolven funcionalmente a linguaxe, o que determinará a estruturación do seu pensamento e desenvolven a súa personalidade.
- c) Intensifícase a curiosidade investigadora aproveitábel para achegarse as causas lóxicas dos fenómenos.
- d) Ó mesmo tempo, consolidan progresivamente o seu autoconceito, a súa autoestima e a súa eficacia.

No desenvolvemento da linguaxe:

- a) Vanse apropiando e facendo uso de estruturas lingüísticas cada vez máis complexas.
- b) Maduran a organización e sistematización dos enunciados: constrúen oracións cada vez máis complexas.

Comprouse destacar que, debido á crise sanitaria provocada pola Covid-19, o curso pasado o alumnado estivo confinado en “aulas burbulla” co cal afectou negativamente ó seu desenvolvemento social con outros cursos do centro tanto nos espazos comúns coma na hora

de lecer.

Debemos ter en conta que o novo curso escolar será moi similar ó do curso anterior (aulas burbulla) xa que o alumnado, con esta nova realidade, vese afectado no seu desenvolvemento emocional, psicolóxico e social debido ás medidas que nos vemos obrigados a cumprir.

A finalidade da Educación Primaria é proporcionarlles a tódolas nenas e nenos unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ó cálculo, ó sentido artístico, á creatividade e á afectividade, así como desenvolver habilidades sociais e hábitos de traballo.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse ós seus ritmos de traballo.

Durante este curso, o profesorado que imparte materias en 1º de primaria é:

- Xan Xesús Rodríguez Santos (titor).
- Alejandra Pose Lema (mestra de Educación Física).
- Belén Amparo Jiménez García (mestra de Lingua Estranxeira: Inglés) quedando como mestre substituto Diego Folgueiras Varela.
- Teresa Rodríguez Varela (mestra de Educación Musical e Educación Plástica).
- Josefina Martínez López (mestra de Relixión Católica).
- María del Pilar Rivas Mallo (mestra de PT).
- Alba Vázquez Vázquez (mestra de AL).

## MARCO LEGISLATIVO

A presente programación responde á aplicación, entre outras, de:

*-Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, de mellora da calidade educativa, que modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), e a súa concreción no Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro.*

*-Decreto 105/2014, do 4 de setembro, no que se regula o currículo básico de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia.*

*-Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico dos centros de educación infantil e primaria.*

-Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e colexios de educación primaria.

-Decreto 229/2011, do 7 de decembro, onde vén regulada a atención á diversidade do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) en Galicia.

-Orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e a promoción do alumnado de Primaria en Galicia.

-Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Así mesmo no momento de programar terase en conta o disposto na *Orde do 19 de maio do 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022*.

## 2.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais de etapa, recollidos no artigo 3 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que se terán en conta para esta programación son os seguintes:

Ref.	OBXECTIVO
a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
d	Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de

	persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e	Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i	Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
n	Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

0

Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### 3.- CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Enténdese por competencia á capacidade de poñer en práctica dunha forma integrada, en contextos e situacións diferentes, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os coñecementos teóricos como as habilidades, os coñecementos prácticos e as actitudes. Vai máis alá do “saber” e do “saber facer” ou aplicar, porque inclúe tamén o “saber ser ou estar”.

De acordo co previsto no artigo 2.2 do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria, identifícanse sete competencias para o seu desenvolvemento na Educación Primaria.

Cada unha das áreas vai contribuir, en maior ou menor medida, ó desenvolvemento das diferentes competencias clave:

- **Comunicación Lingüística (CCL).** Implica a habilidade de expresar e interpretar conceptos, sentimentos e opinións de forma oral e escrita, e de interactuar lingüísticamente de maneira axeitada.
- **Competencia Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT).** Fortalecen a capacidade de aplicar o razoamento matemático para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos, e desenvolven o pensamento científico.
- **Competencia Dixital (CD).** Implica o uso creativo, crítico e seguro das TIC para alcanzar obxectivos de aprendizaxe, co uso do tempo libre e ca participación na sociedade.
- **Competencia de Aprender a Aprender (CAA).** Supón reflexionar e tomar conciencia da propia aprendizaxe e identificar os coñecementos, as destrezas e as actitudes necesarios para iniciar, organizar e persistir nela.
- **Competencia Social e Cívica (CSC).** Facilitan a interpretación dos fenómenos sociais, a interacción social conforme a normas baseadas no respecto e principios democráticos.
- **Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE).** É a capacidade de transformar as ideas en actos de forma creativa e innovadora e de xestionar os recursos adecuados



para alcanzar un obxectivo.

- **Conciencia e Expresións Culturais (CCEC).** Implica coñecer, comprender e apreciar as manifestacións culturais e artísticas, e expresarse creativamente a través de distintos medios.

Potenciarase o desenvolvemento da Competencia en Comunicación Lingüística (**CCL**) e da Competencia Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (**CMCT**).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ó alumnado avanzar cara ós resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ó mesmo tempo.

#### **4.- ÁREAS DE COÑECEMENTO DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

##### **4.1.- ÁREA DE MATEMÁTICAS**

As matemáticas son un conxunto de saberes asociados ós números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais. Identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade etc. e axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada.

Son unha agrupación de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e as situacións que se presentan na realidade para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntármonos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que levan consigo, sobre todo, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas e non só utilizar cantidades e formas xeométricas.

Na educación primaria é fundamental o rol do persoal docente, pois debe ser capaz de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a aplicación dos coñecementos en situacións contextualizadas. Debe orientar a construción individual e colectiva de coñecementos matemáticos que ensinen aos nenos e nenas a desenvolver as súas aprendizaxes e que os e as animen a ter as súas propias opinións confrontándoas criticamente con outras fontes de información para melloralas.

A aprendizaxe baseada en competencias debe abordarse de forma conxunta entre tódalas áreas, lembrando que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Para isto é necesario secuenciar unha serie de actividades e exercicios que impliquen procesos cognitivos de diferente nivel. Tendo en conta todo o anterior, resulta imprescindible o traballo colaborativo entre eles, cas familias e con entidades sociais do contexto e unha estreita colaboración entre o persoal docente no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

Os contidos organízanse en cinco bloques:

- Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- Números.
- Medida.
- Xeometría.
- Estatística e probabilidade.

Estes bloques traballaranse de xeito enlazado e construíndo uns contidos sobre os outros chegando deste xeito a uns contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Esta agrupación implica unha organización aberta que permitirá distribuír de diferentes maneiras os contidos adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características do alumnado.

Orientacións Metodolóxicas:

- ✓ Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario atendendo a transversalidade.
- ✓ Os métodos utilizados deben promover e facilitar o desenvolvemento competencial no alumnado; e tratarase de realizar tarefas ou situacións- problema nas que o alumnado deban resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores.
- ✓ As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- ✓ Incidirase na motivación por aprender nos alumnos e nas alumnas xerando curiosidade.
- ✓ Elaboraranse e utilizaranse diferentes tipos de materiais, adaptados ós distintos niveis e ós diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.
- ✓ Implicarase as familias no proceso de ensino-aprendizaxe, a súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

ÁREA DE MATEMÁTICAS					
Bloque	Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
Bloque 1. Procesos, Métodos e Actitudes en Matemáticas	g, e	B1.1. Expresión verbal do proceso de razoamento da resolución dun problema sinxelo.	B1.1. Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.	MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	CMCT, CCL
Bloque 1. Procesos, Métodos e Actitudes en Matemáticas	g, b	B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.	CMCT, CAA
Bloque 1. Procesos, Métodos e Actitudes en Matemáticas	g, i	B1.3. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	B1.3. Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra.	MTB1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	CMCT, CD, CAA
Bloque 2. Números	e, g	B2.1. Números naturais ata o 99. B2.2. Nome e grafía dos números ata o 99.	B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.	CMCT, CCL

		<p>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.</p> <p>B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</p> <p>B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado.</p> <p>B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado.</p>			
<p>Bloque 2. Números</p>	<p>e, g</p>	<p>B2.1. Números naturais ata o 99.</p> <p>B2.2. Nome e grafía dos números ata o 99.</p> <p>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.</p> <p>B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</p> <p>B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado.</p>	<p>B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.</p>	<p>MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.</p>	

		B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado.			
Bloque 2. Números	b, e, g	B2.7. Identifica os números ordinais do 1º ao 10º.  B2.8. Utilización e relación dos números ordinais. Comparación de números.  B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.	B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.	CMCT
Bloque 2. Números	b, e, g	B2.7. Identifica os números ordinais do 1º ao 10º.  B2.8. Utilización e relación dos números ordinais. Comparación de números.  B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.	B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.	CMCT, CCL, CAA
Bloque 2. Números	b, e, g	B2.7. Identifica os números ordinais do 1º ao 10º.	B2.2. Interpretar diferentes tipos de nº segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT

		<p>B2.8. Utilización e relación dos números ordinais. Comparación de números.</p> <p>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.</p>			
<p>Bloque 2. Números</p>	<p>b, e, g</p>	<p>B2.7. Identifica os números ordinais do 1º ao 10º.</p> <p>B2.8. Utilización e relación dos números ordinais. Comparación de números.</p> <p>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.</p>	<p>B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.2.4. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.</p>	<p>CMCT</p>
<p>Bloque 2. Números</p>	<p>b, g</p>	<p>B2.9. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.</p> <p>B2.10. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados.</p> <p>B2.11. Cálculo de sumas e restas.</p>	<p>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.</p>	<p>CMCT</p>

		B2.12. Utilización en situación familiares da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar.			
Bloque 2. Números	b, g	<p>B2.9. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.</p> <p>B2.10. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados.</p> <p>B2.11. Cálculo de sumas e restas.</p> <p>B2.12. Utilización en situacións familiares da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar.</p>	<p>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.</p>	CMCT

<p>Bloque 2. Números</p>	<p>b, g</p>	<p>B2.9. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental. B2.10. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados. B2.11. Cálculo de sumas e restas. B2.12. Utilización en situación familiares da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar.</p>	<p>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.3.3. Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.</p>	<p>CMCT</p>
------------------------------	-------------	---	--	---	-------------



<p>Bloque 2. Números</p>	<p>b, g</p>	<p>B2.13. Resolución de problemas da vida cotiá.</p>	<p>B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.</p>	<p>CMCT, CAA</p>
<p>Bloque 2. Números</p>	<p>b, g</p>	<p>B2.13. Resolución de problemas da vida cotiá.</p>	<p>B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.4.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.</p>	<p>CMCT, CAA, CSIEE</p>

Bloque 3. Medida	g	B3.1. Medición con instrumentos e estratexias non convencionais. B3.2. Estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares.	B3.1. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.	MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.	CMCT
Bloque 3. Medida	g	B3.1. Medición con instrumentos e estratexias non convencionais. B3.2. Estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares.	B3.2. Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación e/ou utilizando a balanza.	MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.	CMCT
Bloque 3. Medida	g	B3.1. Medición con instrumentos e estratexias non convencionais. B3.2. Estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares.	B3.3. Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación.	MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.	CMCT
Bloque 3. Medida	g	B3.3. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano. B3.4. Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais.	B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.	CMCT

<p>Bloque 3. Medida</p>	<p>g</p>	<p>B3.3. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano. B3.4. Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais.</p>	<p>B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.</p>	<p>MTB3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.</p>	<p>CMCT</p>
<p>Bloque 3. Medida</p>	<p>g</p>	<p>B3.3. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano. B3.4. Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais.</p>	<p>B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.</p>	<p>MTB3.4.3. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.</p>	<p>CMCT</p>
<p>Bloque 3. Medida</p>	<p>b, g</p>	<p>B3.5. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes. B3.6. Equivalencias entre moedas e billetes.</p>	<p>B3.5. Iníciase no coñecemento do valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.</p>	<p>MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.</p>	<p>CMCT, CAA</p>

<p>Bloque 3. Medida</p>	<p>b, g</p>	<p>B3.7. Resolución de problemas de medida.</p>	<p>B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.</p>	<p>CMCT, CAA</p>
<p>Bloque 3. Medida</p>	<p>b, g</p>	<p>B3.7. Resolución de problemas de medida.</p>	<p>B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.</p>	<p>CMCT, CAA, CSIEE</p>

<p>Bloque 4. Xeometría</p>	<p>b, e, g</p>	<p>B4.1. Interpretación de representações espaciais sinxelas en situacións da vida cotiá. B4.2. Descrición de posicións e movementos, en relación a un mesmo e a outros puntos de referencia. B4.3. Interese e curiosidade pola identificación das formas e dos seus elementos característicos.</p>	<p>B4.1. Interpretar representações espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.</p>	<p>MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.</p>	<p>CMCT, CAA, CCL</p>
		<p>B4.4. Confianza nas propias posibilidades; curiosidade, interese e constancia na busca de solucións. B4.5. Uso do vocabulario xeométrico para describir itinerarios: liñas abertas e pechadas; rectas e curvas. B4.6. Busca de elementos de regularidade en figuras e corpos a partir da manipulación de obxectos.</p>			

<p>Bloque 4. Xeometría</p>	<p>b, e, g</p>	<p>B4.1. Interpretación de representacions espaciais sinxelas en situacións da vida cotiá. B4.2. Descrición de posicións e movementos, en relación a un mesmo e a outros puntos de referencia. B4.3. Interese e curiosidade pola identificación das formas e dos seus elementos característicos. B4.4. Confianza nas propias posibilidades; curiosidade, interese e constancia na busca de solucións.</p>	<p>B4.1. Interpretar representacions espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.</p>	<p>MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.</p>	<p>CMCT, CAA, CCL</p>
		<p>B4.5. Uso do vocabulario xeométrico para describir itinerarios: liñas abertas e pechadas; rectas e curvas. B4.6. Busca de elementos de regularidade en figuras e corpos a partir da manipulación de obxectos.</p>			

<p>Bloque 4. Xeometría</p>	<p>b, g</p>	<p>B4.7. Formas planas e espaciais: clasificación de figuras planas.</p>	<p>B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.</p>	<p>MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.</p>	<p>CMCT, CAA</p>
<p>Bloque 4. Xeometría</p>	<p>b, g</p>	<p>B4.8. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.</p>	<p>B4.3. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB4.3.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.</p>	<p>CMCT, CAA</p>

<p>Bloque 4. Xeometría</p>	<p>b, g</p>	<p>B4.8. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.</p>	<p>B4.3. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB4.3.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.</p>	<p>CMCT, CAA, CSIEE</p>
<p>Bloque 5. Estatística e Probabilidade</p>	<p>b, g</p>	<p>B5.1. Recollida e clasificación de datos.</p>	<p>B5.1. Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.</p>	<p>MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.</p>	<p>CMCT, CAA</p>



<p>Bloque 5. Estadística e Probabilidade</p>	<p>b, g</p>	<p>B5.1. Recollida e clasificación de datos.</p>	<p>B5.1. Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.</p>	<p>MTB5.1.2. Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.</p>	<p>CMCT, CAA</p>
--	-------------	--	---	--	----------------------

#### 4.2.- ÁREAS DE LINGUA GALEGA E CASTELÁ E AS SÚAS LITERATURAS

O ensino da área de Lingua galega e castelá e as súas literaturas ó longo da educación primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Esta debe achegar durante toda a etapa as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nos ámbitos privado e público, relacionados cas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade.

A lingua apréndese, non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo. Ademais, a lingua é o medio das relacións interpersoais e a porta de acceso ó coñecemento. Neste marco, o profesorado de lingua debe guiar ó alumnado para facelo usuario consciente do potente instrumento que é a lingua, a competencia en comunicación lingüística, para comprender, crear e/ou transformar o seu mundo; utilizar a potencia do manexo efectivo da lingua para unha comunicación eficaz, e lograr un avance substancial no desenvolvemento das súas posibilidades.

Nesta concepción da lingua como instrumento para a transmisión de información e ferramenta para operar co coñecemento, debe situarse o ensino da Literatura. Transmisora de cultura e tamén liberadora, a Literatura incita á fantasía, á evocación de mundos posibles, á creación e á reflexión crítica. E vai de par coa lingua que achega aspectos metalingüísticos e instrumentais fundamentais para acceder aos textos literarios e para crealos. Así, a aprendizaxe da literatura debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade.

Os contidos organízanse en cinco bloques:

- Comunicación Oral – Falar e escoitar.
  - Comunicación Escrita – Ler.
  - Comunicación Escrita – Escribir.
  - Coñecemento da Lingua.
  - Educación Literaria Orientacións Metodolóxicas:
- ✓ O traballo por proxectos resulta especialmente relevante neste tipo de aprendizaxe xa que permite aplicar a contextos da vida real as aprendizaxes

realizadas, e motiva para aprender máis ó xerar nos nenos e nenas a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto.

- ✓ A integración das TIC acompañase dun cambio metodolóxico e as actividades inclúense nun marco de proxectos de comunicación, cuxa finalidade sexa a produción e a comprensión de textos reais tanto de carácter oral como escrito.
- ✓ Tense en conta a atención á diversidade e a consideración dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas, e potencien a inclusión do alumnado.
- ✓ Implicarase as familias no proceso de ensino-aprendizaxe xa que a súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.
- ✓ Na ensinanza das dúas linguas oficiais seguirase unha liña conxunta para evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura, ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos. É preciso que o profesorado utilice a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado.

AREA LINGUA GALEGA E LITERATURA					
Bloque	Objectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar	a, e	B1.1. Comprensión de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.	B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	CCL, CAA
Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar	a, d, e	B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	CCL, CCEC

<p>Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>a, d, e</p>	<p>B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>	<p>B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.</p>	<p>LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>	<p>CCL, CCEC, CSC</p>
<p>Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>b, d, e, i</p>	<p>B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes.</p>	<p>B1.2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.</p>	<p>LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC</p>
<p>Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>a, b, c, e, o</p>	<p>B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).</p>	<p>B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.</p>	<p>LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.</p>	<p>CCL, CAA, CSC, CSIEE</p>

<p>Bloque1. Comunicación Oral:  Falar e escoitar</p>	<p>a, b, c, e, o</p>	<p>B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).</p>	<p>B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.</p>	<p>LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.</p>	<p>CCL, CAA</p>
<p>Bloque1. Comunicación Oral:  Falar e escoitar</p>	<p>a, b, c, e, o</p>	<p>B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).</p>	<p>B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.</p>	<p>LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.</p>	<p>CCL, CSIEE, CAA</p>

<p>Bloque1. Comunicación Oral:  Falar e escoitar</p>	<p>a, b, c, e, o</p>	<p>B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).</p>	<p>B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.</p>	<p>LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo.</p>	<p>CCL, CSIEE, CAA</p>
<p>Bloque1. Comunicación Oral:  Falar e escoitar</p>	<p>a, c, e, o</p>	<p>B1.4. Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.</p>	<p>B1.4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.</p>	<p>LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.</p>	<p>CCL, CSC</p>
<p>Bloque 1. Comunicación Oral:  Falar e escoitar</p>	<p>a, c, e, o</p>	<p>B1.4. Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.</p>	<p>B1.4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais.</p>	<p>LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.</p>	<p>CCL, CSC</p>

<p>Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>a, c, d, e, o</p>	<p>B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita).</p>	<p>B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<p>LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p>	<p>CCL, CSC, CAA</p>
<p>Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>a, c, d, e, o</p>	<p>B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar quen fala e actitude receptiva de escoita).</p>	<p>B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<p>LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</p>	<p>CCL, CSC, CCEC</p>
<p>Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>a, c, d, e, o</p>	<p>B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas</p>	<p>B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción</p>	<p>LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra</p>	<p>CCL, CSC, CCEC</p>



			oral.	del.	
--	--	--	-------	------	--

		ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita).			
Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar	a, c, d, e, o	B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita).	B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	CCL, CSC, CCEC

<p>Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>a, c, d, e, o</p>	<p>B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita).</p>	<p>B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<p>LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.</p>	<p>CCL, CSC, CCEC</p>
<p>Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>a, c, d, e, o</p>	<p>B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita).</p>	<p>B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<p>LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.</p>	<p>CCL, CSC, CCEC, CAA</p>

<p>Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>a, b, e</p>	<p>B1.6. Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p>	<p>B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.</p>	<p>LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p>	<p>CCL, CAA</p>
<p>Bloque 1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>b, d, e, o</p>	<p>B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.</p>	<p>B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en pequeno grupo.</p>	<p>LGB1.7.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.</p>	<p>CCL, CAA, CSIEE</p>
<p>Bloque1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>e, o</p>	<p>B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.</p>	<p>B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p>	<p>LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.</p>	<p>CCL, CAA, CCEC, CSIEE</p>

<p>Bloque 1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>a, d, e, o</p>	<p>B1.9. Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.</p>	<p>B1.9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.</p>	<p>LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.</p>	<p>CCL, CSC</p>
<p>Bloque 1. Comunicación Oral: Falar e escoitar</p>	<p>a, d, e, o</p>	<p>B1.9. Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.</p>	<p>B1.9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.</p>	<p>LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.</p>	<p>CCL, CSC</p>
<p>Bloque 2. Comunicación Escrita: Ler</p>	<p>b, e, l, j, o</p>	<p>B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.  B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.</p>	<p>B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.</p>	<p>LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.</p>	<p>CCL, CD, CSC</p>

<p><b>Actitude</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Respecto cara os demais.</li> <li>● Cumprimento das normas.</li> <li>● Coidado do material propio e da clase.</li> <li>● Interese e grao de participación na clase.</li> <li>● Atención.</li> </ul>	<p><b>2 0 %</b></p>	<table style="width: 100%; border: none;"> <tr> <td style="width: 50%;"><b>Técnicas</b></td> <td style="width: 50%;"><b>Instrumentos</b></td> </tr> <tr> <td>Observación sistémica</td> <td>Escalas de</td> </tr> <tr> <td>Observación non sistémica</td> <td>observación</td> </tr> <tr> <td></td> <td>Diario de aula</td> </tr> </table>	<b>Técnicas</b>	<b>Instrumentos</b>	Observación sistémica	Escalas de	Observación non sistémica	observación		Diario de aula
<b>Técnicas</b>	<b>Instrumentos</b>									
Observación sistémica	Escalas de									
Observación non sistémica	observación									
	Diario de aula									
<p><b>Cualificación total</b></p>	<p><b>1 0 0 %</b></p>									

A avaliación concíbese e practícase da seguinte maneira:

- **CONTINUA E GLOBAL**, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo.

A avaliación ten que cumprir as funcións seguintes: diagnóstica, pronóstica, reguladora, de control de consecución dos obxectivos e do grao de adquisición das competencias por parte do alumnado e social visto que serve para comunicar ás familias os progresos e/ou problemas do alumnado.

Segundo o obxectivo e o momento da avaliación daranse catro tipos de avaliación:

A avaliación diagnóstica (ao principio da secuencia de aprendizaxe): serve para coñecer as ideas previas do alumnado sobre un tema. Este saber inicial pode variar dunha persoa a outra. Así, a profesora poderá adaptar a súa práctica á diversidade da clase e facer máis significativa a aprendizaxe. Proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno e alumna, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

Ó comezo de cada curso, a persoa titora realizará unha avaliación inicial ca finalidade de

adecuar as ensinanzas ó alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior correspondentes ó seu alumnado e completaráse ca información obtida das familias.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ó desenvolvemento do currículo na programación de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

A avaliación formativa (durante a secuencia de aprendizaxe): permite á profesora verificar se os obxectivos pedagóxicos foron alcanzados, asimilados e comprendidos polos alumnos e alumnas. Así, poderá mellorar a programación, identificar as lagoas e erros e detectar ao alumnado con dificultades. Avaliar de modo formativo é reconsiderar o status do erro entendéndoo como algo positivo dado que forma parte do proceso de aprendizaxe.

A avaliación sumativa (despois da secuencia de aprendizaxe): destinada a facer o balance sobre o nivel alcanzado en relación aos obxectivos fixados despois dunha secuencia de ensino ou despois dun período dado. Esta avaliación serve a determinar as dificultades, os progresos e os erros conceptuais ou de programación. Centrado no alumnado permite á docente adaptar o proceso de ensino aprendizaxe e ao alumnado e xestionalo.

- **INDIVIDUALIZADA**, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- **INTEGRADORA**, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- **CUALITATIVA**, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- **ORIENTADORA**, dado que lle proporciona ao alumno ou á alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

Indicadores de logro: avaliación da práctica docente.

O mestre avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Os aspectos ós que atenderá son os seguintes:

PRÁCTICA DOCENTE:

- Participación: ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os membros da comunidade educativa.

Proceso de ensino:

- Planificación de tarefas: Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.

- As aprendizaxes acadadas polo alumnado.

- As medidas de atención á diversidade aplicadas.

Indicadores de logro da práctica docente.	1	2	3	4	5 +
O nivel de dificultade estaba adaptado ó alumnado.					
Conseguiuse crear o conflito cognitivo necesario para que se dea a aprendizaxe.					
Conseguiuse motivar ó alumnado ca consecuenta implicación no proceso de ensino-aprendizaxe.					
Conseguiuse a participación activa do alumnado.					
Conseguiuse unha boa comunicación cas familias.					
Mantívose unha comunicación regular cas familias.					
Tomáronse as medidas curriculares axeitadas para axudar ó alumnado con NEAE.					
Tomáronse as medidas organizativas apropiadas para asistir ó alumnado con NEAE.					
Abordouse de maneira axeitada a diversidade do alumnado.					
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.					
Déuselle peso real á observación do traballo na aula.					
Avaliouse de xeito apropiado o traballo colaborativo do alumnado.					

**AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN:**

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos, contidos e metodoloxía cas necesidades reais.

A avaliación será continua; o curso revisará trimestralmente os anteriores indicadores para realizar as modificacións oportunas. Modelo de avaliación docente:

<b>Indicadores de logro do proceso de ensino-aprendizaxe</b>	1 -	2	3	4	5 +
De costume, as explicacións fanse para o conxunto do alumnado.					
Ofrécese a cada alumna/o as explicacións que precisa.					
Elabóranse as actividades tendo en conta a diversidade.					
Elabóranse probas de avaliación tendo en conta o alumnado con NEAE.					
Empréganse estratexias e métodos diferentes e adaptados as diferentes temáticas.					
Combínase o traballo individual co grupal (nas súas variantes)					
Promóvense estratexias de animación á lectura.					
Favorécense estratexias de comprensión e expresión orais e escritas.					
As TIC son integradas no proceso de ensino aprendizaxe.					
Os elementos transversais teñen presenza real na aula.					
O alumnado recibe con rapidez o resultado das probas/traballos que realiza.					
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das súas probas e traballos.					
O alumnado ten a oportunidade de comentar os seus erros e acertos.					
Grao de implicación na titoría e orientación da titora.					
As medidas de reforzo e apoio están claramente ligadas ós estándares de aprendizaxe.					
Eficacia dos programas de apoio e reforzo.					

**7.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS:**

O currículo establecido no Decreto 105/2014, é un currículo de mínimos. Polo tanto, de obrigado cumprimento para todas as áreas dos distintos niveis educativos. Na aula temos unha realidade diversa de alumnado e os niveis competenciais de desempeño serán diferentes.

Os referentes para avaliar ó alumnado son os estándares de aprendizaxe da área e nivel de primeiro de Primaria. Daranse catro niveis de desempeño que van en orde decrecente do 4 ata o 1. O mínimo esixible para o logro dunha competencia será o de “aceptable” que estaría no nivel 2 de cada rúbrica.

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	
<b>ÁREA DE MATEMÁTICAS</b>	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.
	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.
	MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.
	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras
	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.
	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
	MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.
	MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.
	MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.
	MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.
	MTB3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.

	<p>MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas</p>
	<p>MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.</p>
	<p>MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.</p>
	<p>MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.</p>
	<p>MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato</p>
	<p>MTB4.3.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados</p>
	<p>MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.</p>
	<p>MTB5.1.2. Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.</p>



<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	
<b>ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.
	LCB1.1.2. Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras
	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.
	LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
	LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.
	LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.
	LCB1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...
	LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade
	LCB2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.
	LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.
	LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.
	LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...
	LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.
	LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.
	LCB4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.
	LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia
	LCB4.1.7. Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos.
	LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.
	LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.
	LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.
LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.	

	LCB5.1.2. Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.
	LCB5.4.1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	
<b>ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.
	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
	LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.
	LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.
	LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo.
	LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóradela.
	LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
	LGB1.7.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.
	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.
	LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
	LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).
	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.

	LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
	LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.
	LGB2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndoos ao seu sitio logo de lelos
	LGB2.5.1. Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros.
	LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas
	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.
	LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo .
	LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.
	LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
	LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais.
	LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.
	LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e reconece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas
	LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
	LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
	LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.
	LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
	LGB4.3.1. Reconece a relación entre son e grafía.
	LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.
	LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.

	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
	LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.
	LGB5.3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	
<b>CIENCIAS DA NATUREZA</b>	CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.
	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta ós compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
	CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.
	CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada
	CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.
	CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.
	CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.
	CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.
CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	

<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	
<b>CIEN</b>	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
	CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.
	CSB2.1.2. Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.
	CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga.

	<p>CSB2.4.1.Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.</p>
	<p>CSB2.6.1.Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.</p>
	<p>CSB2.7.1.Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ó longo do día: mañá, tarde e noite.</p>
	<p>CSB2.8.1.Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.</p>
	<p>CSB3.1.1.Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.</p>
	<p>CSB3.2.1.Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.</p>
	<p>CSB3.3.1.Respectaas normas de convivencia establecidas na familia e na escola.</p>
	<p>CSB3.4.2.Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.</p>
	<p>CSB3.5.1.Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.</p>
	<p>CSB3.6.1.Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características</p>
	<p>CSB3.7.1.Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.</p>
	<p>CSB4.2.1.Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.</p>
	<p>CSB4.3.1.Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.</p>

	<p><b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - MÍNIMOS ESIXIBLES</b></p>
<p><b>VALORES</b></p>	<p>VSCB1.1.2.Expresa oralmente a súa autodescrición.</p>
	<p>VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.</p>
	<p>VSCB1.3.1.Participa na práctica de técnicas de relaxación.</p>
	<p>VSCB1.4.1.Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.</p>

VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.
VSCB2.2.3. Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.
VSCB2.3.1. Describe oralmente as características de diferentes persoas.
VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.
VSCB3.1.3. Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.
VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.
VSCB3.3.3. Fai uso adecuado do material.
VSCB3.4.2. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.
VSCB3.5.2. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.
VSCB3.5.3. Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.

## 8.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Para iso utilizará materiais de reforzo que resulten innovadores e motivadores en cada trimestre.

A acción titorial está ligada a unha visión integral da educación, cuxo fin é a formación de persoas que, ademais de dispor de coñecementos, desenvolvan o conxunto das súas potencialidades e saiban desenvolverse no mundo actual.

O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos, como para orientalos e promover a súa cooperación.

Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións

mediante procedimientos de coordinación do equipo educativo que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder as necesidades detectadas.

Os principios que rexen a orientación e a acción titorial concréntanse nos seguintes obxectivos:

- a) Facilitar a integración do alumnado no grupo e na dinámica do colexio.
- b) Potenciar o esforzo individual e o traballo en equipo.
- c) Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores; e a progresiva toma de decisións.
- d) Proporcionarlles aos alumnos unha orientación educativa adecuada, conforme ás súas aptitudes, necesidades e intereses, a través dunha actuación titorial individualizada e planificada.
- e) Efectuar un seguimento global da aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer aos apoios ou actividades adecuadas.
- f) Promover o desenvolvemento de habilidades sociais básicas, fomentando actividades de cooperación e solidariedade cos demais e aprendendo a resolver pacificamente os conflitos entre iguais.
- g) Favorecer procesos de mellora educativa a través da programación de actividades formativas por parte dos equipos docentes, e a coordinación co equipo de apoio, realizando as adaptacións curriculares necesarias.
- h) Contribuír á adecuada interacción entre os integrantes da comunidade educativa e establecer os cauces de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas.

## **9.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

O mestre deberá partir das experiencias, dos problemas e dos intereses das alumnas e dos alumnos para que as aprendizaxes se integren nas súas vidas cotiás, tanto a nivel persoal como social. Por iso, haberá unha especial atención á diversidade e á detección de dificultades de aprendizaxe para aplicar mecanismos de reforzo (organizativos ou

curriculares) naquel alumnado que teña dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

No marco dunha concepción construtivista da aprendizaxe (Piaget, Vygotsky, Ausubel, Bruner), a práctica docente guiarase polos seguintes principios:

- Proceso de ensino-aprendizaxe centrado no alumno/a sobre. Metodoloxía inclusiva. Cada persoa constrúe o seu saber a partir dunha actividade intensa. Para facilitar isto é preciso partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a prestando atención á diversidade do grupo e aos diferentes ritmos de aprendizaxe. Isto supón proporlles conflitos cognitivos que, segundo as teorías de Vygotsky, se sitúan na Zona de Desenvolvemento Próximo onde o alumnado con axuda de diferentes recursos (os seus coñecementos, apoio do profesorado, interacción entre iguais, diferentes materiais, etc.) é capaz realizar unha tarefa e de pasar á Zona de Desenvolvemento Potencial.
- Aprendizaxe significativa. Para que esta construción se produza, a aprendizaxe ten que ser significativa (Ausubel), é dicir, o alumnado ten que establecer relacións entre os contidos novos e os seus coñecementos previos. Así, a aprendizaxe resulta significativa se ten un sentido para o alumnado, xa que logo potenciaremos as aprendizaxes funcionais, pondo énfase sobre as súas múltiples aplicacións e as súas conexións coa vida real.
- Aprendizaxe cooperativa. É definida por Johnson e Johnson como “o traballo en pequeno grupo, nun obxectivo común, que permite optimizar as aprendizaxes de cada un”. Este tipo de traballo esixe interacción así como habilidades e actitudes tales como empatía, asertividade, capacidade crítica, toma de decisións, responsabilidade persoal e mutua, solidariedade, etc.
- Globalización do ensino. Segundo Decroly, a nena/o aprende e acumula as experiencias sen orde: percibe primeiro globalmente as cousas e os seres nas súas relacións entre eles e en relación coa súa persoa. Por iso na escola partiremos do composto, real e significativo para pasar ao abstracto e analítico.



- Desenvolvemento integral. A educación debe buscar o desenvolvemento integral do ser humano co fin de que as persoas se convertan en cidadáns e cidadás activos, libres e abertos. Teranse en conta os aspectos psicomotores, intelectuais, afectivos e sociais.
- Importancia das emocións e da motivación. A emoción xoga un rol moi importante no proceso de ensino-aprendizaxe, ata tal punto numerosos expertos afirman que sen emoción non hai aprendizaxe. A motivación, moi relacionada ás emocións, ten que ser intrínseca. Para chegar a motivar ao noso alumnado fai falta tomar en consideracións os seus centros de interese (Decroly). O xogo constitúe neste sentido unha ferramenta pedagóxica fundamental.
- Aprendizaxe en espiral volvendo sobre os diversos elementos tratados para fixalos e amplialos e con contidos progresivos.
- Erro formativo. O erro é unha ferramenta de aprendizaxe. O alumnado constrúe progresivamente o seu coñecemento servíndose dos erros para evolucionar. Promoverase a autocorrección así como a corrección entre iguais de xeito respectuoso e construtivo.
- A profesora é unha mediadora, unha guía e un modelo (Bandura). Estableceremos relacións fundadas sobre o respecto, evitando os xuízos (efecto Pygmalion).

Así pois:

- ✓ Fomentárase unha aprendizaxe activa e autónoma (aprender por si mesmos)
- ✓ Procurárase a socialización do alumnado e para iso aproveitaremos todos os tipos de agrupamentos para o traballo: individual, parellas, pequeno ou gran grupo, dependendo do traballo a realizar.
- ✓ Darase unha especial importancia á cooperación.
- ✓ Proporcionarase guías e estratexias de aprendizaxe, fomentaremos o afán de superación e a interiorización das normas do centro, crearanse oportunidades de traballar coas TIC e cos recursos bibliográficos.
- ✓ Negociarase as rutinas das clases co alumnado e as expoñeremos claramente na aula (encargado e normas).
- ✓ A lectura ha de constituír tamén un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

- ✓ Así mesmo se fará, uso de xeito habitual, da aula virtual para familiarizar ao alumnado co seu funcionamento, nela se subirán as actividades de ampliación que poderán realizar na casa, así como pequenas tarefas para afianzar o aprendido na aula.

## 10.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaranse os seguintes libros de texto:

EDUCACIÓN PRIMARIA						
CURSO	AREA	TITULO	EDITORIAL	ISBN	ANO PUBLICAC.	LINGUA
1º EP	Lingua castelá	IPRI LENGUA Primeros Pasos PAUTA SHContigo	Santillana	978-84-680-4335-7	2018	Castelá
1º EP	Lingua galega	IPRI LINGUA+ Tarefas e destrezas comunicativas	Obradoiro-Santillana	978-84-9972-931-2	2018	Galego
1º EP	Matemáticas	IPRI MATEMATICAS SHContigo	Santillana	978-84-680-4354-8	2018	Castelá
1º EP	Ciencias Naturais	IPRI CC NATURAIS Saber Facer Contigo	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-037-3	2018	Galego
1º EP	Ciencias Sociais	IPRI CC SOCIAIS Saber Facer Contigo	Obradoiro-Santillana	978-84-9185-035-9	2018	Galego
1º EP	Relixión	RELIXIÓN CATÓLICA 1	PPC/SM	9788467580839	2015	Castelá
1º EP	Inglés	NON HAI LIBRO				
1º EP	Inglés (Caderno)	NON HAI CADERNO				

Ademais dos libros de texto, utilizarase como material didáctico outros recursos tales como:

- ✓ Fichas de elaboración propia e fichas de páxinas web educativas.
- ✓ Recursos dixitais: Aula virtual, Snappet, Web do centro.
- ✓ CD de recursos.
- ✓ Murais e láminas.
- ✓ Recursos audiovisuais.
- ✓ Desafíos matemáticos.
- ✓ Táboas de multiplicar elaboradas polos alumnos e alumnas.

- ✓ Material manipulable (matemáticas): regletas de Cuisenaire, taboleiro do 100, números longos, material de xerarquías do sistema decimal, tangram, corpos xeométricos, cinta métrica, recipientes de diferentes medidas, moedas e billetes...
- ✓ Material manipulable (ciencias): o propio corpo, mapas, esfera terrestre...
- ✓ Material manipulable (linguas): alfabetos, articulemas, xogos de sons, xogos (dominós de conceptos, con dificultades ortográficas,...), contos e xogos de buscar sílabas, xogos para activar a axilidade mental e rapidez verbal...
- ✓ Recursos do entorno (Charlas, exposicións, museos, teatro...) no propio centro ou mediante saídas, na medida en que a situación sanitaria o permita.

## 11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Haberá que identificar ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en función das súas particularidades. Segundo o desenvolvemento do curso 2020-2021 coñecemos as posibles necesidades do noso alumnado que se poden resumir do seguinte xeito:

- Alumnado procedente doutros centros educativos, que descoñecen o centro educativo, ó profesorado e ó alumnado. Dentro deste alumnado hai un neno con informe psicopedagóxico no que se determina que ten capacidades xerais básicas baixas con dificultades de aprendizaxe, un alto grao de dificultade tanto na expresión verbal como na escrita, así coma nas relacións sociais.
- Alumnado con NEAE: na aula hai un neno que presenta un alto grao de TEA (Trastorno Espectro Autismo) con asistencia de coidadora. O alumno presenta un retraso xeral do desenvolvemento asociado ás dificultades na comunicación tanto verbal como non verbal, así como dificultades na socialización.

En ámbolos dous casos tomaranse as medidas oportunas, informado o Departamento de Orientación, e solicitando as autorizacións necesarias ás familias para que reciban o correspondente reforzo educativo ou apoio de AL e/ou PT.

As medidas de atención á diversidade abarcan dende a prevención á intervención directa específica. Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ó longo da súa escolaridade a adopción de distintos tipos de medidas.

Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ó máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras.

Programaranse actividades de reforzo e ampliación para alumnos/as que o precisen. Contarase sempre co apoio do equipo de Orientación seguindo as súas pautas e orientacións sobre as medidas a tomar nos diferentes casos.

## **12.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Fomentarase a calidade, a equidade e a inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguilo.

Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Tratarase no currículo das distintas áreas o desenvolvemento sustentable e o ambiente. Educarase para evitar situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación e coidarase un desenvolvemento e o afianzamento do

espírito emprendedor. Fomentaranse as medidas para que o alumnado desenvolva a súa creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e da seguridade viaria promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón, viaxeiro/a e condutor/ora de bicicletas, e respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

### **13.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR**

O lugar principal para desenvolver o proxecto lector será a aula xa que oferta un sinfín de posibilidades pero tamén se recorrerá a Biblioteca Escolar (para realizar traballos de investigación, usar o servizo de empréstitos ou simplemente gozar dun tempo de lecer cunha boa lectura) e como non; calquera outra instalación do centro (por exemplo a aula de informática ou a sala multiusos para lecturas conxuntas ou presentacións).

A biblioteca escolar debe integrarse no proceso de ensino-aprendizaxe como ferramenta eficaz para favorecer o desenvolvemento das capacidades do alumnado e a adquisición de aprendizaxes autónomas e significativas.

En canto á organización do tempo, temos dedicada unha sesión dentro do horario lectivo exclusivo para a lectura nas súas diferentes formas, esa sesión diaria ten lugar despois do recreo e dura 25 minutos. Ademais inclúese na práctica didáctica diaria outras formas de traballar a lectura sexa de xeito colectivo en voz alta, de forma silenciosa, utilización da biblioteca de aula, actividades lectoras relacionadas con celebracións, lectura para a busca de información,...

Preténdese traballar a lectura silenciosa, a lectura oral coa fluidez e ton axeitados e a motivación cara a lectura. Sen perder de vista que o obxectivo xeral de todo tipo de lectura e comprender o contido e a mensaxe da mesma.

Así mesmo haberá un seguimento dese proceso lector e as accións irán enfocadas a detectar disfuncións que se terán en conta a hora de deseñar os novos plans. A utilidade do plan radica na consecución dos obxectivos sinalados.

## 14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC

Sabemos que actualmente o manexo das TIC é unha necesidade. A sociedade actual utilízase en todos os ámbitos; se queremos preparar ao alumnado para que sexa membro activo e integrado da sociedade, deben coñecer e saber utilizar estas tecnoloxías. Polo tanto, é importante empezar esta preparación desde os primeiros niveis educativos. Con esa perspectiva utilízanse as TIC como soporte para a adquisición dos coñecementos, facendo uso do encerado dixital e da aula virtual co alumnado, e do correo electrónico e a aplicación Abalar Móbil cas familias.

Coas TIC traballarase contidos propios do currículo dende a seguinte perspectiva metodolóxica:

Busca de información - Crear información - Aprender información

Os medios informáticos utilizaranse, ademais de como contido, como ferramenta ou medio didáctico para:

- ✓ Apoiar o desenvolvemento das destrezas fundamentais: lectura, comprensión lectora, auditiva, escritura- expresión, cálculo, numeración, series e clasificacións.
- ✓ Afianzar aspectos espaciais e temporais.
- ✓ Favorecer a creatividade e a comunicación.
- ✓ Iniciarase no mundo das comunicación
- ✓ Utilizarse o ordenador como medio de investigación para ampliar os coñecementos e elaborar pequenos proxectos a nivel grupal.

## 15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de convivencia é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas a tratar de implicar aos distintos sectores da comunidade educativa na mellora do clima de convivencia, os procedementos de actuación orientados á prevención de conflitos e á consecución dun adecuado clima no centro así como as funcións, dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa en canto á convivencia escolar.

Ten que enmarcarse dentro das directrices do *Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar* e a recente *Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, e a normativa sobre dereitos e deberes recollida polo *Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos/as e as normas de convivencia do centro*.

## **16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO**

O Proxecto lingüístico establece as actuacións do centro referidas aos aspectos que contempla o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia*.

A partir do Proxecto lingüístico o Equipo de Dinamización da Lingua Galega elabora cada curso a concreción anual que se recolle na PXA de cara a acadar os obxectivos que no ámbito da normalización lingüística se recollen no Proxecto Educativo.

O Proxecto lingüístico recolle tamén as linguas a empregar nas distintas áreas do currículo. A clase de primeiro de primaria participará de xeito activo nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega para desenvolver o Plan de Fomento do uso do galego.

## **17.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares encárgase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. O alumnado de primeiro de primaria participará nas que organice o Centro, que se considere que axudar a acadar os obxectivos deste nivel.

O alumnado participará nas actividades complementarias e extraescolares dependentes do centro (excursións, competicións deportivas, visitas culturais, etc) como una actividade máis da área. E tamén participará naquelas que se consideren interesantes, aínda que non aparezan no calendario establecido, sobre todo as relativas ao contorno e relacionadas coa impartición das distintas áreas, organizadas por institucións, asociacións locais ou o Concello.

As actividades teñen carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realicen co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na Programación Xeral Anual aprobada polo Consello Escolar, se realicen fóra do horario lectivo.

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as conmemoracións que marca o calendario escolar. tamén se levarán a cabo outras que por tradición se celebran no centro, sendo priorizadas en función da PXA e do contorno educativo. E todas aquelas que se programen en función dos temas ou tarefas que se están levando a cabo nas aulas co fin de acadar os obxectivos: fins educativos, carácter sensibilizador, motivador e socializador.

Deste xeito teríamos:

Actividades de aula. Comprenden todas as actividades que se realizan a nivel de grupo-clase para celebrar diferentes festas de carácter popular e conmemoracións académicas: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Pascua, Semana das Letras Galegas, etc.

Actividades de centro: Participación nas actividades que a nivel de centro se organizan para celebrar as devanditas festas de carácter popular e conmemoracións académicas: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Pascua, etc.

Así mesmo inclúese neste grupo a participación en actividades propostas polo Equipo de Normalización Lingüística do centro e o Equipo de Biblioteca.

Actividades vinculadas a Contratos-Programa: Charlas, saídas ou outras actividades vinculadas a consecución do obxectivos dos mencionados Contratos- Programa que se leven a cabo no centro destinados a primeiro de primaria.

Actividades no contorno: Saídas polo contorno próximo á procura de información e datos sobre a realidade natural e social na que estamos inmersos.

Actividades no concello: Actividades propostas polo Concello e visitas a diversos puntos da vila.



## 18.- ANÁLISE E VALORACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial ca finalidade de detectar carencias e necesidades do alumando.

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes características grupais:

- Nivel de competencia lingüística e matemática moi variables.
- Nivel de adquisición de prerequisites para o proceso lectoescritor (conciencia léxica, silábica e fonolóxica, principio alfabético...) moi variable, con alumnado con moitas carencias.
- Nivel lector moi diverso, con alumnado que non se iniciou no proceso e alumnado con lectura básica bastante consolidada. Por outra banda, hai alumnado que non identifica as letras o que repercute na lectura de palabras sinxelas, outra parte do alumnado identifica algunhas letras pero segue sen saber ler, e unha minoría que ten desenvolvida a lectura básica.
- Nivel de desempeño na escritura moi heteroxéneo, onde hai algún alumnado que non ten adquirida a escritura ou polo menos é ilixible e non seguen as pautas, outros teñen adquirida a escritura das letras maiúsculas pero non as minúsculas e escriben fóra das pautas, e unha minoría escribe con maiúsculas e minúsculas e dentro das pautas. Unha porcentaxe alta non sabe escribir os seus apelidos ou simplemente non saben cales son.
- En canto á expresión oral, a maioría ten un vocabulario propio da idade e mantén unha conversa de forma racional de momentos da súa vida diaria.
- No tocante á competencia matemática existen tamén diferencias notables entre o alumnado, tanto no razoamento lóxico-matemático como na realización de operación; con alumnado que non coñece a serie numérica e alumnado que realiza sumas e restas mentalmente, dificultades para identificar dereita e esquerda así como a realización de exercicios con dúas instrucións, dificultades na escritura dos números tanto en letra como en número, efecto espello...